



XUNTA  
DE GALICIA

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
IES de Pastoriza  
Rúa do Lagarto, Esq. Furoca, s/n.  
15140 Pastoriza, Arteixo (A Coruña).  
Tif:981 64 75 17 Fax:981 64 75 19

---



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo

## PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO IES de Pastoriza (Arteixo)





CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



## Índice

### **1.- Contexto socioeconómico.**

### **2. Sinais de identidade do instituto**

- 2.1. *Características xerais*
- 2.2. *Elementos materiais*
- 2.3. *Elementos persoais..*
- 2.4. *Elementos organizativos.*
  - 2.4.1. *Órganos de goberno*
  - 2.4.2. *Departamentos*
  - 2.4.3. *Comisión de coordinación Pedagóxica.*
  - 2.4.4. *Equipo de Normalización e D. Lingüística.*
- 2.5. *Elementos funcionais*
  - 2.5.1. *Agrupamento do alumnado*
  - 2.5.2. *Utilización de espazos e recursos.*
  - 2.5.3. *Adscrición do profesorado.*
  - 2.5.4. *O horario*
    - De clase
    - De actividades extraescolares.
    - De visitas de pais/nais .
    - De coordinación do traballo do profesorado .
  - 2.5.5. *A atención á diversidade*
  - 2.5.6. *Servicios complementarios*

### **3. Obxectivos que se queren conseguir**

- 3.1. *Fins educativos do proxecto.*
- 3.2. *Obxectivos pendentes a acadar*
- 3.3. *Adecuación dos obxectivos de etapa ó contexto do instituto*

### **4. ¿Cómo conseguir os obxectivos propostos?**

- 4.1. *A través dunha ampla oferta de itinerarios, optativas, etc.*
- 4.2. *A través dunas normas de funcionamento.*



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Social Europeo

- 4.3. *A través do papel fundamental da titoría*
- 4.4. *A través da dotación das necesidades*
- 4.5. *A través dunha metodoloxía.*

## **5. Elementos estruturais. Con que contamos?**

- 5.1. *Formas de colaboración cos distintos axentes da comunidade educativa*
- 5.2. *Formas de colaboración con outros axentes sociais*
- 5.3. *Obxectivos de longo percorrido*

## **6.- Organigrama do centro**

## **7.- Plan de acción titorial**

## **8.- Normas de organización e funcionamento de centro**

## **9.- Plan Lingüístico**

## **10- Plan Lector**

## **11.- Plan da Convivencia**

## **12.- Proxecto TIC (Proxecto Arteixo\_Innovación Educación)**



## **1.- Contexto socioeconómico.**

O Concello de Arteixo está dentro da área de influencia metropolitana da Coruña; conta cunha extensión de 9.350 hectáreas organizadas en trece parroquias. É un dos poucos concellos de Galicia que non deixa de ver medrar a súa poboación, que é en este momento de 23.175 agrupados fundamentalmente nos núcleos de Arteixo, Vilarrodís, Galán, Pastoriza e Meicende. Está integrado na súa maioría por xente nova e de procedencias xeográficas moi variadas xa que é unha zona de recepción de inmigración e alberga uns dos maiores parques industriais e empresariais de Galicia que dá traballo a un gran número de pais dos nosos alumnos, ben en postos directos ou indirectamente.

As características socioeconómicas e culturais do contexto. Trátase dun alumnado que ven dun ambiente suburbano e rural, podendo establecer os seguintes grupos:

Familias nas que polo menos dous dos seus constituíntes teñen un traballo fixo.

- a.1.- Familias con traballo temporais pouco cualificados.
- a.2.- Familias de emigrantes, marroquís, chilenos, italianos, etc. Algúns emigrantes retornados con problemas de integración e adaptación, e serias dificultades económicas.
- a.3.- Familias de etnia xitana.
- a.4.- Familias con graves problemas económicos na que ningún do dous proxenitores están a traballar.
- a.5.- Familias desestructuradas, onde os alumnos queda a cargo dos avós, ou familias en réxime de acollida.

Trátase polo tanto dunha poboación moi heteroxénea onde aparecen casos de auténtica inadaptación social.

## **2.- Sinais de identidade do Instituto**

### **2.1.- Características xerais:**

- Denominación: IES de Pastoriza.
- Data de posta en funcionamento: setembro de 2001.
- Ensinanzas que se imparten: Educación Secundaria Obrigatoria.
- Capacidade: 480 alumnos.
- Unidades: 16 (con 4 liñas por nivel)
- Tipo de centro: é un centro público e gratuito dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, baseado no pluralismo ideolóxico e a igualdade entre os sexos



## 2.2.- *Sinais de identidade propias do centro*

- ✓ ProxectoArteixo- Innovación Educación (antes Proxecto Ponte dos Brozos): a súa implantación hai 11 cursos pretende un cambio na forma de ensinar e aprender dado que o uso dos ordenadores portátiles nas aulas está a producir un cambio metodolóxico e mesmo relacional que ten a súa fundamentación na universalización das TICs; obxectivo prístino este sobre o que se ven desenvolvendo este proxecto no centro.
  
- ✓ A Multiculturalidade: como xa apuntamos anteriormente, neste Centro conviven alumnos de procedencia muy diversa, culturas diferentes, incluso etnias distintas, o que isto supón como enriquecemento sociocultural sin que afecte esencialmente á convivencia, que xeralmente é pacífica e sen mais problemas que en outro centro da comunidade.
  
- ✓ A diversidade: entendida como equidade no tratamento, respecto e consideración das diferencias individuais (NEE, socioculturais, económicas, de aprendizaxe, etc) que determinan e condicionan o estudo e os procesos de ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos.

## 2.3.- *Elementos materiais:*

- 16 aulas grupo dependendo do número de alumnos. Se hai menos de 16 grupos, as aulas sobrantes pódense utilizar como aulas desdobres.
- Dúas aulas para desdobres.
- Dúas aulas de PDC
- Doce aulas específicas distribuídas como segue: música (2), informática (1), tecnoloxía (2), laboratorio de bioloxía e xeoloxía (1), laboratorio de física e química (1), aulas de apoio (2), plástica (2), aula de usos múltiples (1), laboratorio de idiomas (1).
- 11 despachos para os departamentos.
- Biblioteca
- 1 sala de profesores.
- 1 conserxería
- 1 sala de titores (situada na vivenda do conserxe).
- 1 despacho para a ANPA (situada na vivenda do conserxe).
- 3 despachos para membros de dirección.
- 1 oficina para administración.
- 1 cafetería.
- 1 ximnasio.
- 1 clube de informática.



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo

- 1 vivenda para o conserxe que está sendo utilizada por unha limpiadora. Todo iso suma un total de 4.385,5 metros cadrados construídos.
- 2 pistas exteriores.
- Dotación económica: Da Consellería de Educación, cun presuposto anual de 55.000 Euros

#### *2.4.- Elementos persoais:*

- O centro está situado no Concello de Arteixo. Tódolos alumnos proceden deste Concello.
- O número de profesores que integran o Claustro é de 32.
- Persoal non docente: unha coidadora, unha auxiliar administrativa, dous conserxes, dúas Persoas de limpeza, e outra a media xornada.
  
- Hai unha ANPA formalmente constituída.
- Unha orientadora e una profesora de PT.

#### *2.5.- Elementos organizativos:*

##### *2.5.1. Órganos de goberno:*

- Colexiados: consello escolar e claustro de profesores.
  
- Órganos Executivos de Goberno: directora, xefe de estudos, secretaria.

##### *2.5.2. Departamentos:*

- Lingua Galega
- Educación Física
- Lingua Castelá
- Inglés
- Ciencias sociais
- Matemáticas
- Tenoloxía
- Física e Química
- Bioloxía
- Música
- Plástica
- Relixión
- Francés
- Orientación

##### *2.5.3. Comisión de coordinación Pedagóxica.*



(Ver mais abaixo)

#### *2.5.4 Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.*

As funcións dos elementos organizativos quedan regulamentadas polo Decreto 324/1996 de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (DOG 9 de agosto de 1996).

#### *2.6. Elementos funcionais:*

##### *2.6.1 Agrupamento do alumnado:*

Para a elaboración dos grupos de alumnos/as este curso académico tivéronse en conta:

- Para os 1º da ESO: os informes dos Departamentos de Orientación dos centros adscritos.

- O número de repetidores por grupo (distribución de repetidores).
- Número equilibrado de rapaces e rapazas.
- Na elección de optativas atendéronse as preferencias do alumnado.
- Que non coincidan no mesmo grupo alumnos/as que teñan unha convivencia prexudicial para o seu desenvolvemento académico e persoal.
- Respetar os criterios establecidos por lei no caso das medidas de atención á diversidade.

##### *2.6.2. Utilización de espazos e recursos:*

- Cada grupo ten a súa aula.
- Os grupos só se desprazan para recibir clase nas aulas específicas, no ximnasio, na pista polideportiva e para saír ó recreo, sen prexuízo de que poida impartir a docencia nun espazo non habitual se a metodoloxía o considera necesario, cuidando en todo momento de non altera-la orde do centro.
- Utilízanse aulas de desdobre para atender as distintas opcións do alumnado do mesmo grupo e á mesma hora, ou para atender ó alumnado de programas de atención á diversidade.
- O resto dos espazos, como a sala de profesores, despachos, biblioteca, departamentos, sala de titores, oficina e cafetería teñen o uso habitual en centros como o noso.
- Funciona tamén una clase de apoio a cargo da profesora de Pedagogía Terapéutica.
- Existe un Aula de Convivencia na que se reciben aos alumnos expulsados da aula. Son custodiados por un profesor de garda que se encarga ademais de vixiar que realice as tarefas encomendadas polo profesor que o expulsou.

### 2.6.3. Adscripción do profesorado:

- O profesorado de 1º e 2º proven dos centros de primaria adscritos, o de 3º e 4º de concurso de traslados con praza definitiva no centro. Os membros do departamento de orientación, orientador e profesora PT atópanse en situación de comisión de servizo polo que as prazas vacantes que xeran cúbreanse con profesores provisionais.
- Para impartir materias seguiranse criterios de preferencia do profesorado dentro dos límites marcados pola lexislación vixente.
- Para confecciona-los grupos, atenderase os seguintes criterios:
  - O profesor titor dará clase ós alumnos da súa titoría.
  - As posibles preferencias de horario que poidan te-los membros do claustro.

### 2.6.4. O horario:

#### - De clase:

Tódalas mañás, de 8,40 a 14, 20 horas, haberá 6 sesións de clase de 50 minutos, dous recreos (de 20 minutos).

A tarde dos luns: de 16,30 a 18,10 horas, haberá dúas sesións de clase de cincuenta minutos.

#### - Actividades extraescolares e complementarias.

As actividades voluntarias que impliquen desprazamento en autobús suporán unha pequena aportación económica dos alumnos para axudar a paga-lo custo do desprazamento xa que, doutra forma, non sería posible face-las actividades programadas por falta de presupostos do centro.

No terceiro trimestre do curso procurarase no realizar actividades complementarias exceptuando algunha (que por razóns de conveniencia climatolóxica ou por calquera outra razón específica sexa conveniente realizar nestas datas) para interferir o menos posible no tempo adicado polos alumnos ó estudio na recta final do curso.

#### - De visitas de pais:

Tódolos membros do claustro que exercen a titoría dalgún grupo, teñen unha hora semanal no seu horario para recibi-las visitas dos/as pais/nais. O horario de visitas atópase exposto nun lugar público, e comunícaselle ás familias a principios de curso xunto coa necesidade de que avisen con antelación da súa visita para que o/a titor/a teña tempo de preparala.

Cando un/ha titor/a o considera necesario, pode reunir ás familias do alumnado da súa titoría para informalos de asuntos relativos á marcha do grupo, ou asuntos académicos de interese xeral.

Ademais todos os profesores teñen unha hora de atención as familias dentro do seu horario lectivo.

O comezo do curso, o equipo directivo, o departamento de orientación e os/as titores/as organizan unhas xuntanzas informativas destinadas ás familias para 1º e 2º ciclo.



Nos meses de maio-xuño os membros do equipo de dirección e do departamento de orientación organizan sesións informativas personalizadas aos pais ou titores legais dos alumnos. Tamén neses meses se organizará unha reunión de acollida ós alumnos dos centros de primaria adscritos).

- *De coordinación do traballo do profesorado:*

As reunións deste tipo teñen lugar polas tardes fora do horario lectivo.

Se nalgún momento se celebran en horario lectivo se teñe en conta non interferir no horario de clase (durante os recreos).

#### *2.6.5. A atención á diversidade.*

- Nestes momentos funcionan dous grupos de PDC, ámbolos dous de dous cursos académicos.
- Aplicaranse tamén as adaptacións curriculares e reforzos que sexan necesarios.
- Hai unha ampla oferta de optativas, itinerarios educativos, actividades e servicios que queda reflectida noutro punto deste proxecto educativo.
- Ao abeiro do contrato-programa impartiránse tres grupos do PROA (1º, 2º, 3º ESO)

#### *2.6.6. Servizos Complementarios:*

Están establecidas 8 liñas de transporte escolar.

### **3.-Obxectivos que se queren conseguir:**

#### *3.1.-Fins educativos do instituto de acordo coa identidade do centro*

Partindo dos principios recollidos na LODE, na LOGSE e na LOE e na LOMCE, o IES de Pastoriza marca as seguintes directrices educativas:

a. **Proxecto Arteixo-Innovación Educación** e a principal sinal de identidade do Centro xunto coa atención á diversidade e a multiculturalidade, e tenta producir **cambios trascendentais** a nivel pedagóxico, metodolóxico, didáctico e mesmo relacional e funcional no centro e nos axentes educativos, sobre a base da incorporación das **tecnoloxías da información e a comunicación ao mundo educativo**. Co devandito Proxecto o que se pretende fundamentalmente e a **universalización do uso das TICs** e traballar para tentar conseguir un cambio metodolóxico radical nas dinámicas propias da actividade educativa e mesmo, por extensión, na maneira de entender o mundo que estamos a construír. Trátase de axudar a producir cambios, que entendemos positivos e necesarios, que van máis alá do mundo exclusivamente educativo. Falamos, xa que logo, de cambios de mentalidade e de cambios na maneira de entender o futuro no que se terán que desenvolver as novas xeneracións que agora



mesmo estamos a formar. Estamos a falar dun xeito de entender a educación como un camiño que debemos andar xuntos todos os axentes sociais.

A fin de utilizar só os ordenadores na aula, prescindindo dalguns libros de texto o centro implementou a plataforma educativa online aulaplaneta, coa que se tenta, por un lado, avanzar no devandito cambio metodolóxico, e por outro aferrar na compra dos libros nunha época de crise e alixerar o peso das mochilas que diariamente transportan os rapaces.

b. A formación integral e integradora, de xeito que non só impartiremos coñecementos senón que pretendemos acadalo desenvolvemento de destrezas, capacidades e actitudes.

A fin de garantir a equidade, o título II da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, aborda o alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria e establece os recursos precisos para acometer esta tarefa co obxectivo de lograr a súa plena inclusión e integración. A adecuada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todo o alumnado. é dicir, trátase de contemplar a diversidade do alumnado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos. O instituto prestará especial atención á diversidade do seu alumnado, entendendo esta como o conxunto de respostas arbitrado polo sistema educativo para adaptarse ás características de aqueles alumnos e alumnas que presentan necesidades educativas especiais artellando as medidas posibles para dar resposta ás súas necesidades.

c. Favorecerase a implicación, participación e colaboración das familias na vida do centro.

d. Acadar un clima escolar axeitado e ordeado.

Estes fins ou directrices fannos concibir a educación coma:

- ▣ Unha educación que capacita para o exercicio da liberdade e o espírito crítico.
- ▣ Unha educación na responsabilidade, igualdade, diversidade, tolerancia e participación.
- ▣ Educación como integración.
- ▣ Coeducación.

Estes fins, concrétanse da seguinte maneira:

No ámbito institucional:

- Potencia-la coordinación do profesorado co fin de asegura-la coherencia e complementariedade nas súas actuacións.



- Favorece-la participación dos membros da comunidade educativa na vida do IES canalizando as súas iniciativas a través dos órganos de goberno.
- Optimiza-los procesos de información de tódalas decisións, actividades e proxectos levados a cabo.
- Distribuí-las funcións e competencias dos distintos membros da comunidade educativa para acadar-la xestión e participación.
- Acadar un clima de convivencia favorable que permita a colaboración.
- Coordinación cos Servicios Sociais, e outras institucións e organizacións socioculturais e laborais do contorno.
- Xestionar adecuadamente tódolos medios humanos e materiais do centro, optimizando a distribución dos recursos.
- Organiza-los espacios e servicios do centro adecuando as instalacións segundo as necesidades do alumnado con deficiencias físicas.
- Impulsar medidas para o uso correcto dos materiais e instalacións, evitando o seu deterioro.
- Que o PEC sexa coñecido polos distintos membros da comunidade educativa e que estes colaboren activamente nel.

#### No ámbito humano:

- Conseguir-la implantación, observancia e respecto ás normas que recollen as NOFC (Normas de organización e funcionamento do centro)
- Crea-lo ambiente adecuado para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal, no que o alumnado poida expresa-las súas ideas.
- Estimula-las ideas de igualdade nos/as alumnos/as creando un ambiente de tolerancia.
- Proporcionar ó profesorado os medios e condición que lle permitan acadar un ensino de calidade.
- Favorece-las iniciativas de colaboración entre os distintos departamentos e o tratamento interdisciplinar.
- Manter unha relación fluída coas familias como colaboradoras do proceso educativo e informalas periódicamente da marcha do proceso educativo dos seus/súas fillos/as, propiciando os contactos co profesorado co fin de resolver-las dificultades que se presenten (informando por escrito, entrevistas, canles de comunicación...)
- Facilitar ó profesorado a formación necesaria para poder realizar as súas tarefas con maior eficacia.

#### No ámbito Pedagógico:

- Utilizar nas aulas os portátiles, o que implicaría un cambio metodolóxico.
- Acada-la progresiva autonomía do alumnado.
- Desenvolve-los hábitos sociais de comportamento, orde e de saúde.

- Utilizar unha metodoloxía activa, globalizadora, experiencial que estimule a súa capacidade creativa.
- Incorporar ás programacións de aula obxectivos, contidos e actividades relacionadas co contorno próximo.
- Implica-lo IES en todo o referente ó medio que o rodea.
- Potencia-la orientación do alumnado tanto no eido persoal como escolar e profesional.
- Usar materias e medios axeitados para respecta-los distintos ritmos de aprendizaxe e capacidade do alumnado.
- Fomentar no alumnado a capacidade de observación e crítica así como a adquisición de hábitos de traballo intelectual.
- Identifica-las dificultades de aprendizaxe e adoptalas medidas oportunas coordinadas co Departamento de Orientación tomando iniciativas que faciliten a integración do alumnado, promovendo o uso das distintas medidas de atención á diversidade posibles.
- Fomenta-lo aproveitamento das horas de titoría, informar ó alumnado das cuestións de interese, realizando actividades de orientación e asesoramento académico-profesional.
- Potencia-lo traballo en grupo como medio de adquisición de coñecemento e incremento da solución de conflitos e da intercomunicación.
- Potenciar a participación activa dos alumnos na vida do Centro.
- Potenciar a Xunta de Delegados

### *3.2.- As Competencias Básicas*

Antecedentes e fundamentación teórica:

Na vixente Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación LOE - (BOE 4 de maio) reviste especial interese a inclusión das competencias básicas entre os compoñentes do currículo, por canto debe permitir caracterizar de maneira precisa a formación que deben recibir os estudantes. Na disposición 35 da LOMCE fálase tamén da inclusión na concreción curricular das CCBB, chamándose agora competencias clave.

Co fin de asegurarse unha formación común e garantir a homologación dos títulos, encoméndase ao Goberno a fixación dos obxectivos, competencias básicas, contidos e criterios de avaliación dos aspectos básicos do currículo. Pola súa banda, o Real Decreto 133/2006, de 6 de setembro, polo que se establecen os ensinamentos mínimos da Educación Secundaria (DOG 13 de setembro), no seu artigo 6 establece a garantía do seu desenvolvemento, e organiza no Anexo I cales son estas:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática
3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico



4. Tratamento da información e competencia dixital
5. Competencia social e cidadá
6. Competencia cultural e artística
7. Competencia para aprender a aprender
8. Autonomía e iniciativa persoal

Algunhas destas competencias son mais específicas –comunicación lingüística, matemática, coñecemento e a interacción co mundo físico e competencia cultural e artística- e outras son mais trasversais –tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, aprender a aprender, e autonomía e iniciativa persoal. Con carácter xeral, afectan a todas as materias, e especificamente se relacionan mais con unhas materias que con outras. Mais, todas elas favorecen a autonomía necesaria para el aprendizaje e para o desenvolvemento persoal e social do alumno.

Entre elas, o artigo 6.4 do citado R.D. indica que a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias básicas. O centro garantirá a incorporación dun tempo diario de lectura, non inferior a trinta minutos, ao longo de todos os cursos. Razóns estas que nos levan a expornos cal pode ser o recurso adecuado para satisfacer, no contexto que arbitra a lei, devandita formulación. Unha análise da interpretación que das distintas competencias fai a referida normativa, permítenos descubrir que, entre os obxectivos establecidos para cada unha delas, destacan:

**Na Competencia en comunicación lingüística:**

Buscar, recompilar e procesar a información.

Alcanzar un coñecemento reflexivo de toda ela.

**En canto a Competencia matemática:**

Interpretar e expresar informacións.

Comprender toda argumentación que se faga.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

Comprender sucesos e predicir consecuencias.

Identificar problemas e adquirir unha cultura científica.

**Tratamento da información e competencia dixital**

A procura, o tratamento e a análise da información.

Comprender a operatividade dos sistemas tecnolóxicos.

Utilizar a información cunha actitude crítica.

**Competencia social e cidadá**

Comprender a realidade social, cun sentido crítico.

Solucionar conflitos baseándose no uso da comunicación.

O coñecemento e a comprensión duns valores.

**Competencia cultural e artística**

Coñecer e comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais.

Reelaborar ideas e atopar canles de comprensión e expresión.

### **Competencia para aprender a aprender**

Ter conciencia de que a comprensión do texto favorece a aprendizaxe.

Obter información, transformala en coñecemento propio e integrala no pensamento.

### **Autonomía e iniciativa persoal**

Deseño e desenvolvemento de proxectos propios e compartidos.

Imaxinar, empender e avaliar accións individuais e en grupo.

As cales converxen en establecer a COMUNICACIÓN como un elemento referencial básico, fundamental en todo proceso formativo, a cal debe responder a criterios de comprensión, valoración crítica e interpretación personalizadora das mensaxes que se manipulan na comunicación escrita, o cal require dos alumnos desenvolver un estilo persoal de lectura que corresponda a estes criterios, se o que se pretende, como indica a referida lexislación, é garantir o desenvolvemento dunha óptima comunicación interpersonal. Así pois, pensamos que dotar aos alumnos e alumnas dunha efectiva aplicación lectora, exercitada a través das súas aplicacións educativas, ha de ser a mellor forma de satisfacer os principios competenciais establecidos. Para iso, pensamos que nada mellor que desenvolve-lo mediante a aplicación do propio exercicio lector, en actividades especificamente deseñadas nas distintas áreas de contido e que respondan os principios que arbitran as diferentes competencias. Cun denominador común a todas elas aparece a resolución da Comprensión lectora, garantindo a autonomía persoal do propio alumnado. O cal nos leva a interpretar a viabilidade metodolóxica de analizar e xerar materiais didácticos que estimulen tanto o desenvolvemento das distintas competencias como a súa proxección nas diferentes áreas de contido.

### *3.3. Obxectivos do instituto tendentes a acada-la normalización lingüística.*

#### Concepto:

Entendemos como normalización o uso “normal” da lingua galega en todos e cada un dos ámbitos da vida dos galegos e galegas.

#### Situación actual:

No aspecto académico estase a cumprir sen problemas a lexislación actual, constituindo o maior atranco a valoración social que, sobre todo o alumnado, ten da lingua galega. Unha porcentaxe alta do alumnado fala castelán no ámbito familiar e social, polo que o traballo a realizar haberá que encaminalo á recuperación social máis ca á competencia lingüística. Aínda que castelanfalantes, a maioría teñen pais/nais que foron galegofalantes e que cambiaron de lingua para falar cos seus/súas fillos/as. Son moi poucos os alumnos e alumnas que teñen o galego como lingua habitual, tanto no ámbito familiar coma no social.

#### Obxectivo Principal:

O obxectivo fundamental da Normalización Lingüística, partindo da situación actual, será recupera-lo idioma galego para os maiores ámbitos de uso posibles: administración, relacións



interpersoais e docencia e que alumnas e alumnos ó remate da súa escolarización no centro teñan acadado unha competencia lingüística acorde coa súa idade, tanto en galego coma en castelán.

Obxectivos Específicos:

- Considera-lo galego como patrimonio común que hai que recuperar, manter e impulsar.
- Dotar ó alumnado de competencia lingüística plena en galego.
- Dotar ó alumnado de actitudes favorables para a lingua e cultura galega e para o seu proceso de recuperación social.
- Adquirir usos lingüísticos a prol da lingua galega.
- Promocionar actitudes positivas cara á lingua e cultura galega entre a comunidade escolar, buscando o diálogo e os puntos de encontro.
- Procura-las fórmulas que permitan introducir progresivamente o uso do galego en tódolos eidos da vida do centro.
- Afondar no coñecemento dos nosos valores culturais a través das actividades escolares, extraescolares e complementarias, aprendendo a valora-lo medio sociocultural no que nos movemos con actitudes de respecto.
- Participar en cantos concursos, proxectos, convocatorias e campañas –internas e externas– contribúan á normalización lingüística.

O Centro, a través dos seus diversos departamentos, e sobre todo o EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

- Velará polo estricto cumprimento dos mínimos legais establecidos e favorecerá a progresiva incorporación de novas materias ata acadar unha maioría impartida en lingua galega.
- Facilitará os medios para unha maior galeguización da vida escolar curso a curso.
- Promoverá relacións con sociedades, colectivos e administracións que teñan incidencia na comunidade educativa.
- Propoñerá as accións académicas e sociais que garantan os dereitos lingüísticos do alumnado, sobre todo dos galego falantes.
- Poderá deseñar planos e accións normalizadoras orientados ás familias e a toda a comunidade escolar.
- Establecerá os oportunos procedementos de seguimento e avaliación das distintas iniciativas normalizadoras.

#### *3.4. Adecuación dos obxectivos xerais da etapa ó contexto do instituto.*

- Primeiro obxectivo xeral de etapa:

Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía... en castelán,



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



galego e unha lingua estranxeira alomenos.

- Adecuación ó noso contexto:

• Os departamentos incidirán nos deseños curriculares de área, e especialmente na práctica docente, para que os alumnos/as consigan aumenta-lo seu vocabulario, coida-la súa ortografía e expresión escrita, adquiri-lo hábito da lectura e utilizar habitualmente a biblioteca do instituto como elemento clave no seu proceso de aprendizaxe.

\* De xeito particular os departamentos das áreas de idiomas, á marxe do anterior, esforzaranse metodolóxicamente para que os alumnos/as acaden o nivel máis axeitado de comunicación básica nas respectivas linguas estranxeiras que impartan.

• Segundo obxectivo xeral de etapa:

Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen distintos códigos.

- Adecuación ó noso contexto:

\* Os alumnos/as deben ser capaces de comunicarse mediante: códigos artísticos (executando traballos funcionais coas diferentes formas de expresión: música, debuxo, narración, poesía...) e códigos científico-tecnolóxicos elementais (realizando traballos sinxelos, interpretando fórmulas, tablas...)

\* O alumnado deberá aprender a analizar críticamente as mensaxes publicitarias.

• Terceiro obxectivo xeral da etapa:

• Obter e seleccionar información utilizando as fontes que habitualmente se atopan dispoñibles, tratala autónoma e críticamente.

- Adecuación ó noso contexto:

\* Usa-los libros de texto e consulta de forma axeitada.

\* Extraer e comprender a información, e comunicala ós demais a través de traballos escritos e exposicións orais.

\* Procesar información audiovisual e interpretala críticamente.

\* Elaborar traballos nos que apareza unha aportación persoal, asumindo que “facen un traballo non é copiar”.

• Cuarto obxectivo xeral da etapa:

Elaboración de estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.





- Adecuación ó noso contexto:

\* Emplearanse preferentemente procedementos intuitivos e de razoamento lóxico co fin de analiza-los diferentes problemas que se formulan, favorecendo que o alumnado aporten estratexias persoais de análise, identificación e resolución dos problemas.

\* O alumnado debe ser capaz de:

- Seguir un procedemento para resolver un problema e saber explica-los pasos seguidos.
- Rectificar estratexias non válidas, identificar erros e modificalos.

• Quinto obxectivo xeral da etapa:

Formar unha imaxe axustada de si mesmo, das características, posibilidades.

- Adecuación ó noso contexto:

\* Intentarase inculcar ó alumnado sentimentos de autoestima, autoavaliación e autoaceptación, así como actitudes de autonomía, equilibrio persoal e autosuperación.

\* O IES de Pastoriza ten escolarizado alumnado con necesidades educativas especiais polo que se terán en conta os seus problemas e limitacións e procurarase que acepten a súa situación real e desenvolvan, dentro das súas posibilidades, as capacidades, ó máximo.

\* Poñeranse tódolos medios necesarios para que a incorporación do novo alumnado ó centro se realice de xeito cordial, propiciando a súa rápida integración no mesmo

• Sexto obxectivo xeral da etapa:

Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes.

- Adecuación ó noso contexto.

\* Fomentarase unha actitude tolerante, non discriminatoria cara ás persoas doutras razas, sexo, cultura..., e idéntica actitude deberá observarse ante persoas con discapacidade.

\* Teñen que ser capaces de colaborar en actividades grupais, de carácter artístico, deportivas, sociais...

• Sétimo obxectivo:

Analiza-los mecanismos e valores que rexen o funcionamento das novidades.

\*Adecuación ó novo contexto.

- Favorecerase unha escala de valores coherente dende o punto de vista social.



- Fomentarse o respecto ós demais, concretándoo en actitudes de solidariedade, sentido da amizade, valoración do esforzo e do traballo.
- Capacitar para neutralizar determinados valores impostos en moitos sectores de novidade actual (culto ó corpo, consumo, o poder, os cartos...).
- Coñecer e exercer-los deberes e dereitos.
- Oitavo obxectivo:

Coñece-las crenzas, actividades e valores básicos da nova tradición e patrimonio cultural, valorando críticamente.

- Adecuación ó noso contexto:

- \* Potenciaranse os valores culturais autóctonos, favorecendo o coñecemento do noso patrimonio histórico e cultural.
- \* Sensibilizar para que adopten unha actitude crítica ante pautas culturais impostas polos medios de comunicación.
- Noveno obxectivo:  
Analiza-los mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico.

- Adecuación ó noso contexto:

- \* Deberán cuida-los materiais e instalacións do centro.
- \* Deberán coñece-lo medio físico, sensibilizándose ante os perigos dos axentes que o deterioran (contaminación, uso indebido dos recursos...).
- \* fomenta-la conciencia de responsabilidade e respecto cara ó contorno natural, o medioambiente e cara a tódalas formas de vida.

• Décimo obxectivo xeral da etapa:

Coñecer e valorar o desenvolvemento científico-tecnolóxico.

- Adecuación ó noso contexto:

- \* Deberá coñece-las grandes correntes científico-técnicas e os seus logros permitíndolles adoptar unha valoración positiva ou negativa da súa aplicación no medio social.

• Undécimo obxectivo xeral da etapa:

Coñece-las posibilidades educativas e metodolóxicas das Novas Tecnoloxías.

- Adecuación ó noso contexto:



\* Implantación dos ordenadores portátiles na aula e desenvolver destrezas no manexo destas técnicas.

• Duodécimo obxectivo xeral da etapa:

Coñecer e aprecia-lo patrimonio cultural e contribuír activamente á conservación e mellora, entende-la diversidade lingüística e cultural.

- Adecuación ó noso contexto:

\* Ó estar o noso centro ubicado entre zona rural e urbana, a nosa actividade irá encamiñada, conxunta e armonicamente, cara ás:

- manifestacións propiamente urbanas: conservación e defecsa do patrimonio histórico- artístico (igrejas, museos, edificios singulares...).

- manifestacións do “saber popular” que aínda permanecen no noso contorno: vivendas, tradicións...

\* Evitaranse actitudes intolerantes ante outras manifestacións lingüísticas e culturais (bilingüismo, inmigración, etc.)

• Decimoterceiro obxectivo xeral da etapa:

Coñecer e comprende-los aspectos básicos do funcionamento do corpo.

- Adecuación ó noso contexto:

\* Desenvolver e afianzar hábitos de coidado e saúde corporal.

\* Valora-la práctica habitual e sistemática de actividades físicas e deportivas.

• Adoptar unha actitude crítica ante as prácticas que teñen efectos negativos para a saúde individual e colectiva.

#### **4.- ¿Cómo conseguiremo-los obxectivos propostos?**

*4.1. A través dunha ampla oferta de itinerarios educativos, optativas, actividades e servicios.*

*4.1.1. As optativas que se ofertan son as seguintes:*

PRIMEIRO e SEGUNDO ESO:

Tódolos alumnos cursarán unha segunda lingua estranxeira, que neste IES será o Francés. En 2º da ESO os alumnos/as deben cursar unha segunda Lengua estranxeira, Francés e



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



Educación para a Cidadanía.

Ademáis, os alumnos e alumnas de 1º realizarán un Proxecto interdisciplinar nunha hora lectiva e a cargo do titor, a fin de facilitar o paso da educación primaria á secundaria.

TERCEIRO E CUARTO ESO:

Para 3º ESO:

- 2ª lingua estranxeira: Francés.
- Cultura Clásica.
- Ciencias Medioambientais.
- Obradoiro de iniciativas emprendedoras.

Elixen dúas, enumerando as catro por orden de preferencia.

En 4º de ESO modificáronse o itinerarios (Orde 6/09/07, DOG 12/09/07) quedando da seguinte maneira, dando unha maior liberdade ó alumno na elección de materias.

Os alumnos cursarán **sete materias** comúns –ou **oito** no caso de que teñan relixión-, tres materias

opcionais, que escollerán dentro dunha lista de oito, e unha materia optativa das ofertadas polo centro.

### I.-**Materias Comúns**

Todos os alumnos deberán cursar no cuarto curso as seguintes materias:

- 1.- Educación Física
- 2.- Educación ético-cívica.
- 3.- Ciencias Sociais, xeografía e historia.
- 4.- Lengua castelá e literatura.
- 5.- Lengua Galega e literatura.
- 6.- Matemáticas
- 7.- Primeira lingua estranxeira.

### II.-**Materias Opcionais**

Os alumnos deberán cursar **tres materias** das seguintes:

Biología e xeoloxía.

Educación Plástica e visual.

Física e Química.

Informática.

Latín.

Música.



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



Segunda lingua estranxeira.  
Tecnoloxía

### III.- **Materia Optativa**

Os alumnos cursarán **unha materia optativa** escollida entre as seguintes:

Segunda lingua estranxeira

Cultura clásica (se non foi cursada en 3º)

Obradoiro de iniciativas emprendedoras (se non foi cursada en 3º)

Materia optativa de centro

Calquera das materias opcionais da lista recollida no punto anterior que non fose eleixida anteriormente.

#### **Itinerarios:**

#### **OPCIÓN A OPCIÓN B OPCIÓN C**

Bio e Xeo	E.Plást. e V	Latín
F e Qu	Tecnoloxía	Francés
Tecnoloxía	Informática	Música

#### **OPTATIVAS**

2ª lingua Extranxeira	Informática	Biología e Xeoloxía
Cultura clásica	Obradoiro de Iniciativas emp.	(Se non se escolleu en 3º)
Ciencias Mediambientais	Educación Plástica e Visual	
Física e Química	Latín	Música

#### **4.1. Actividades**

- Complementarias: teñen lugar en horario escolar, e o seu carácter é voluntario. Varían dun curso a outro, aínda que algúns como a visita ó Acuario e á Casa das Ciencias ou a asistencia ós concertos didácticos, obras de teatro, se suelen manter tódolos anos polo seu interese.

- Extraescolares:

As aprobadas polo claustro e o Consello escolar ao comenzo do curso, e organizadas polos diferentes departamentos didácticos.

## 4.2. *Servicios*

Hai servizo de cafetería e un taxi adaptado para o transporte do alumnado con incapacidade, ademais dos que xa se sinalaron noutros apartados deste proxecto (transporte escolar). Tamén funciona un Punto de Información Xuvenil, un día á semana, auspiciado polo Concello, encargado de dar ó alumnado toda a información sobre actividades, saídas laborais, convocatoria, etc.

### 4.2. *A través dunhas normas de funcionamento que supoñen:*

- a) O control da asistencia, a puntualidade e a disciplina (que quedan reflectidas nas NOFC).
- b) O control da aprendizaxe do alumnado: número de avaliacións e información sobre as mesmas (establecidos no Proxecto Curricular do centro).
- c) Establecer niveis de esixencia: criterios de avaliación e de promoción (establecidos na LOE).

### 4.3. *A través do papel fundamental da función de titoría:*

Na relación profesorado-alumnado, centro-familia (detallados no Proxecto Curricular de centro).

### 4.4. *A través da detección das necesidades particulares de aprendizaxe.*

E o seu tratamento ( Reforzos Adaptación Curricular Individualizada, Programa de Diversificación

Curricular, agrupamentos específicos, clases de apoio, exploración psicolóxica a cargo da orientadora, recollidos na Programación do departamento de orientación.).

### 4.5. *A través da metodoloxía desenvolvida no PCC.*

## 5.- *Elementos estruturais ¿Con que contamos?*

### 5.1. *Formas de colaboración entre os distintos sectores da comunidade educativa e canles de comunicación.*

\* Coas familias:

- A través das titorías. Os/as titores/as reúnense alomenos unha vez por trimestre coas familias da súa titoría, ou máis veces cando é necesario polas características do titorandos. Así mesmo,

os titores establecen contacto telefónico constante coas familias cando certos comportamentos do alumnado o fan preciso, ou tamén a través do correo certificado: os titores/as envían periódicamente ás familias información sobre faltas de asistencia, faltas de disciplina, apercibimentos, etc..., a través da aplicación de xestión SIXA ou dos documentos propios do centro.

- O equipo directivo, o departamento de orientación e os titores/as reúnen, ó comezo do curso académico coas familias por ciclos, para dar información xeral sobre asuntos do seu interese: a marcha do curso que vai comezar, titorías, normas, etc.
- As familias poden concertar unha cita con calquera membro da comunidade solicitándolla previamente.
- O equipo directivo establece contacto directo coas familias cando algún alumno presenta un problema especial de conducta ou doutro tipo. Este contacto pode ser telefónico, por escrito ou en entrevista persoal.
- O equipo directivo e o/a titor/a, cos informes de orientación, reúnen coas familias e alumnos/as que son susceptibles de ser propostos para un programa de formación Profesional Básica, e infórmaos das alternativas académicas e profesionais dos seus fillos/as. Cando hai acordo sobre a proposta, as familias asinan un documento de aceptación.
- Envíanse circulares ás familias informándoos de asuntos puntuais que deben coñecer: alternativas académicas, decisións do Consello Escolar...
- Enviares un Boletín anual informativo a todos os Pais /Nais con toda aquela información que e de seu interese.
- A APA ten un despacho no instituto. Está en contacto constantemente cos membros do equipo directivo para expone-las ´suas inxerencias. Subvenciona actividades extraescolares. Ten un buzón de suxerencias á entrada da cafetería do centro.
- O Concello ten un representante no Consello Escolar, que fai de intermediario entre o Centro e o Concello.

\* Co Concello:

- As concellerías de Educación, Servicios Sociais e Deportes, Muller e Xuventude, etc, colaboran co Instituto a través dos seus respectivos concelleiros.
- Coa súa colaboración no "Proxecto Arteixo Innovación-Educación"

\* Co alumnado e entre eles:

- Hai que potencia-las funcións dos/as delegados/as e dos representantes do alumnado no Consello Escolar mediante estratexias de participación nas decisións do centro, dándolles responsabilidades para o mantemento das instalacións e a mellora da convivencia.
- A canle de comunicación máis frecuente entre o alumnado e persoal do centro é o/a titor/a, que fai de intermediario nos seus problemas, e achégalles información para o seu desenvolvemento social e persoal.



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



- O Departamento de Orientación é outra importante canle de comunicación para o alumnado xa que acoden a el con frecuencia.

\* Entre o profesorado:

Para asuntos que afectan a toda a comunidade educativa:

- A través da actuación dos departamentos nas súas reunións periódicas.
- A través da Comisión de coordinación Pedagóxica.
- A través do Claustro.
- A través do Consello Escolar.

Para asuntos que afectan á titoría:

- A través de reunións mensuais entre dirección, xefatura de estudos, departamento de orientación e titores.
- A través das reunións do equipo docente.
- A través da solicitude persoal de información sobre cada alumno/a que figura na aplicación informática SIXA.

## *5.2. Formas de colaboración cos servizos sociais e educativos do concello, e outras institucións.*

\* Concello de Arteixo:

Os servizos sociais serven de apoio á acción titorial dando información sobre situacións familiares, e servindo de interlocutor no caso de problemas específicos.

Nalgún caso, fan de mediadores e nexos de conexión entre as familias e o centro.

A Concellería de Educación subvenciona actividades complementarias e oferta servizos que potencian estas actividades, e cursos para alumnos. Tamén imparte charlas sobre temas de especial interese para estes.

A Concellería de Servizos pon á disposición do centro persoal do Concello cando se lle solicita con ocasión de traslado de mobles, avarías, cortar o césped, etc.

A Policía Local de Arteixo, vixía as entradas e saídas do instituto e imparte cursos de educación vial.

\* Concello da Coruña.

O centro asiste a concertos didácticos organizados por este Concello e outras actividades.

\* Casa das Ciencias, Acuario, Domus, Torre de Control Marítimo, A Voz de Galicia. Ceden as súas instalacións para ser visitadas polos nosos alumnos.

\* CFR





Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
IES de Pastoriza  
Rúa do Lagarto, Esq. Furoca, s/n.  
15140 Pastoriza, Arteixo (A Coruña).  
Tif:981 64 75 17 Fax:981 64 75 19



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



A colaboración con esta institución é moi intensa a través dos grupos de traballo, proxectos de formación e cursos que se organizan no centro ou forra del.

\* Centros de primaria adscritos.

Fundamentalmente entre departamentos de orientación e equipos directivos para o seguimento das necesidades educativas.

Os rapaces de 6º de primaria realizan unha visita ao centro no mes de maio na que se lles ensinan as instalacións, se lles comenta como será a súa incorporación ao mesmo. Son acompañados no percorrido polo centro por dous alumnos de 4º ESO, ademais do equipo directivo e a orientadora.

No mes de xuño a orientadora e a directora fan unha reunión cos pais destes alumnos para informarlles da oferta educativa e daquelas novidades que atoparán os seus fillos ao incorporarse a ESO.

Este curso implementáronse diversas reunións cos profesores de 5º e 6º e os xefes de departamento das materias instrumentais a fin de acordar os contidos mínimos nestas áreas e para os alumnos destes centros.

\* O IES de Sabón , o IES Manuel Murguía e AGARIMO.

Entre os departamentos de orientación, para o consello orientador do noso centro e a súa aplicación nunha etapa nova (Ciclo Formativo- Garantía Social- Bacharelato- ESA-PCPI 2).

\* Universidade da Coruña.

Fundamentalmente a través da labor de titoría de alumnos do Máster de Secundaria.

\* Outras colaboracións.

Garda civil de Arteixo

O destacamento colabora co centro cando hai problemas serios (pelexas, conflitos a través das redes sociais, casos de acoso, etc).

Tamén a través do Plan Director da Convivencia imparten charlas aos alumnos/as sobre o uso de Internet, drogas, violencia xuvenil, etc.

Editoriais:



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo

Ofertando gratuitamente xornadas, conferencia, etc. de interese para a formación do profesorado, e subministrando gratuitamente diverso material bibliográfico e/ou audiovisual así como os libros de texto para o alumnado con escasos recursos económicos.

Coas empresas:

- ▣ Repsol patrocinou a edición e publicación de contos que nosos alumnos/as escribiron e contaron en Radio Furoca, a radio escolar.
- ▣ Varias empresas colaboran na formación de alumnos de PCPI- Modalidade C
- ▣ Esperamos poder contar con la colaboración doutras empresas situadas no entorno.

Co Ministerio de Educación e o INTEF

Leváronse a cabo diversos proxectos de novas tecnoloxías:

- Proxecto prepiloto e piloto no uso dos netbooks en educación.
- Proxecto plito con tablets en educación, todos eles en colaboración tamén coa European Schoolnet e ACER.
- Proxecto COMBAS da integración das ccbb no currículum.

Coa Consellería de Educación.

## 6.- *Organigrama do centro.*

### CONSELLO ESCOLAR

Presidenta: D<sup>a</sup> Antonia Pascual Carnicero

Xefe de Estudos: D. F.Javier Cal Orgeira

Secretaria: Élida Barrela Muínelo

Representantes de profesores:

D. Pablo Veiga Carreira

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Blanco Vieites

D. Alejandro do Porto Tie

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Mancebo López

D. Jesús Pensadp Figueiras

D; Jorge Cao Abad

D<sup>a</sup> Marta Pumares Varela

Representantes de alumnos:

Omar Andrade

Daniel Naya



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
IES de Pastoriza  
Rúa do Lagarto, Esq. Furoca, s/n.  
15140 Pastoriza, Arteixo (A Coruña).  
Tif:981 64 75 17 Fax:981 64 75 19

---



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Social Europeo

Yolanda Pena Pais  
Cristina Rey Diz

Representantes da Administración e Servicios.

D. José Manuel Caridad

Membro do Concello:

D<sup>a</sup> Josefa Zas Suárez

Representantes dos Pais/Nais:

M<sup>o</sup> Carmen

#### COMISIÓN ECONÓMICA

D<sup>a</sup> Antonia Pascual Carnicero  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Élda Barrela Muinelo  
D. Daniel Naya

#### COMISIÓN PEDAGÓXICA

D. Juan Carlos Vila Vilariño  
D. M<sup>a</sup> Dolores Blanco Vieites  
D<sup>a</sup> Antonia Castro Chao  
D<sup>a</sup> Goretti Hermida Rodríguez  
D<sup>a</sup> Margarita Fernández Ledo  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Sánchez López  
D<sup>a</sup> Alejandro do Porto Tie  
D<sup>a</sup> Victoria Calviño Cañas  
D<sup>a</sup> Begoña Vilar  
D<sup>a</sup> Teresa Mancebo López  
D<sup>a</sup> Pablo Veiga Carreira  
D<sup>a</sup> Mateo Torres Neira  
D. Luis Miguel Herrero Mayor  
D. José Luis Iglesias Salvado



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
IES de Pastoriza  
Rúa do Lagarto, Esq. Furoca, s/n.  
15140 Pastoriza, Arteixo (A Coruña).  
Tif:981 64 75 17 Fax:981 64 75 19

---



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



D<sup>a</sup> Montserrat Collazo Trigo  
D<sup>a</sup> Marta Pumares Varela  
D<sup>a</sup> Paula

#### EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

D<sup>a</sup> Margarita Ledo Fernández

#### DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA

D<sup>a</sup> Montserrat Collazo Trigo

#### DINAMIZADOR DA CONVIVENCIA

D. Luis Miguel Herrero Mayor

#### COORDINADOR DO PROXECTO Arteixo Innovación Educación

D. José Luis Iglesias Salvado.

#### COORDINADORA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Sánchez López

#### *7.- Plan de Acción Titorial*

#### *8.- Normas de organización e funcionamento de centro.*

(Adxúntase documento)

#### *9.- Plan Lingüístico.*

1.- Breve Análise Sociolingüístico

a. Contexto sociolingüístico do IES Pastoriza.

Xa aparece anteriormente refectido)

b. Situación do profesorado.

(Xa está reflexado no Plan de Normalización e D. Lingüística)

c. Situación do alumnado.

A lingua empregada nas familias é maioritariamente o galego, se ben a relación dos alumnos e seus pais flutúa entre galego e español. Igual que pasa no resto do territorio, a lingua de relación dos maiores e cos maiores é o galego e este uso vai decrecendo na medida en que nos achegamos ás xeracións máis novas.

O alumnado ten o galego máis como unha lingua de relación familiar e íntima ca unha lingua de socialización, se ben o contexto sociolingüístico no que se move é absolutamente galegofalante, pois é esta a lingua empregada polo Concello e polas asociacións culturais e veciñais que existen no contorno.

A maioría procede de familias galego falantes, se ben hai que precisar que cando un dos membros do núcleo familiar non ten como lingua de relación o galego, este é a nai, mentres que o pai mantense máis na lingua orixinaria.

A lingua de interrelación dos alumnos é fundamentalmente o español, se ben a cantidade de galego falantes é maior no ámbito máis estritamente familiar e aumenta se nos referimos á lingua de relación cos avós.

Malia que no ámbito rural é onde se acadan as porcentaxes máis altas de uso do galego e sendo este o seu idioma materno, non por iso a estima que se ten da lingua é positiva. Os estudos da RAG confirman que nos sectores máis rurais e entre a poboación máis nova, onde hai un menor dominio da variedade estándar e seguen sen estar superados os prexuizos sobre o propio idioma.

No que respecta ao IES, o Equipo de Normalización Lingüística vén traballando dende a inauguración do centro, e no instituto o galego é a lingua da documentación administrativa, da comunicación interna, da relación cos pais, coa administración e coas institucións. Tamén están en galego todo o rotulado do centro e as notas informativas dos taboleiros.

Con respecto á dotación de fondos na biblioteca, unha grande parte do material que alí albergamos (libros, revistas, CD) están en lingua galega. E tamén o galego ten unha presenza moi importante nas TIC; e isto é tanto e máis importante se temos en conta que o IES Pastoriza é un centro pioneiro na utilización de novas tecnoloxías, posto que estamos integrados no Proxecto Ponte dos Brozos que ten como obxectivo promover a utilización de ordenadores portátiles polos alumnos como unha ferramenta máis dentro do seu proceso de ensino-aprendizaxe.

2.- Linguas Empregadas nas distintas materias:



Segundo o decreto 124/2007 do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo na ESO impártense en galego as seguintes materias: ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia. Nos cursos nos que ciencias da natureza se desdobra en bioloxía e xeoloxía por un lado e física e química, ambas as dúas materias se imparten en galego.

Tamén se imparten en galego tecnoloxía e música. Polo tanto, e como marca a lei, os alumnos reciben como mínimo o 50% da súa docencia en galego.

Só hai unha alumna exenta da materia de lingua galega e literatura en 4º de ESO (matriculada por primeira vez neste nivel e procedente de Venezuela).

No IES Pastoriza contamos tamén con catro seccións bilingües europeas; tres en 3º ESO, onde se imparten tecnoloxía, CCSS, matemáticas en lingua inglesa, e una en 4º ESO, matemáticas tamén en inglés.

### 3.- Medidas de apoio e reforzo.

A profesora de PT axuda no reforzamento educativo a aqueles alumnos que o precisan

4.- Medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparte.

Como xa quedou dito no epígrafe anterior, unha gran porcentaxe do noso alumnado é estranxeiro e teñen problemas de comprensión lingüística, non só en galego senón tamén en español.

A Lei de normalización lingüística aprobada polo Parlamento de Galicia en 1983 no seu artigo 14.3 di que “as autoridades educativas garantirán que o alumnado, cando remate cada ciclo en que o ensino do galego é obrigatorio, teña un coñecemento do galego, a nivel oral e escrito, semellante ao do castelán”, e esta mesma idea repítese no Decreto 124/2007.

Polo tanto o que se espera do sistema educativo é que faga que o alumnado, ao rematar o ensino obrigatorio sexa competente nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.

5.- Actividades que se van a organizar para a dinamización da Lingua Galega.

Como xa quedou dito anteriormente, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística vén funcionando no IES de Pastoriza dende o ano da súa inauguración e a súa filosofía é traballar en colaboración con todos os departamentos, de xeito que o idioma galego estea presente en todas as actividades que se realicen en ou dende o instituto.

Do mesmo xeito, todos os departamentos se brindan a colaborar en cantas actividades promove ou propón o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Social Europeo

## ACTIVIDADE Nº 1: ANÁLISE DAS LINGUAS DO CENTRO

Pasaremos a seguinte enquisa aos diferentes membros que forman parte da nosa comunidade educativa co fin de facer unha análise do uso real da Lingua Galega.

Signala no cadro correspondente cal é o uso maioritario da lingua no teu centro:

Ámbito administrativo: Ámbito de relación co contorno

a) Documentos oficiais: galego castelán a) Comunicaci3ns orais galego castelán

- Documentaci3n interna -Atenci3n ao p3blico presencial
- Arquivos -Atenci3n ao p3blico telef3nica
- Convocatorias e avisos -Reuni3ns con pais
- Certificados -Parlamentos en actos oficiais
- Regulamentos -Intervenci3n medios comunicaci3n
- Follas informativas -Actividades extraescolares
- Actas de reuni3ns -Campañas informativas

b) Documentaci3n econ3mica:

- Semanas ou xornadas culturais
- Recibos e facturas
- Celebraci3ns
- Documentos contables

-Actuaci3ns musicais e tetarais

c) Comunicaci3ns escritas:

- Reuni3ns (claustro, consello, departamentos...)
- Circulares
- Comisi3ns/xunta de avaliaci3n
- Follas informativas

d) S3mbolos:

- Notas de prensa



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Social Europeo

Rotulación do centro

- Anuncios
- Taboleiro de anuncios -Cartas
- Carteis
- Correos electrónicos oficiais
- Menú do comedor
- Catalogación da biblioteca

Ámbito de interacción didáctica    Ámbito de xestión pedagóxica

a) Rotulación e símbolos dentro da aula:

galego castelán galego castelán

- Taboleiro de anuncios
- Proxecto educativo
- Murais
- Proxecto curricular
- Carteis
- Plan anual
- Horarios
- Programación de aula

b) Lingua de interacción que predomina:

- Adaptacións curriculares
- Lingua de aprendizaxe
- Reforzos educativos
- Lingua dos materiais
- Proxecto de formación en centro
- Lingua dos exames
- Documentos do departamento de orientación
- Lingua das publicacións: revistas do centro ...
- Boletíns de notas
- Expedientes dosalumnos/as

### **10.- Plan Lector**

(Adxúntase documento)

### **11.- Plan da Convivencia.**

(Adxúntase Documento)

### **12.- Proxecto TIC (Proxecto Arteixo Innovación- Educación)**





XUNTA  
DE GALICIA

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
IES de Pastoriza  
Rúa do Lagarto, Esq. Furoca, s/n.  
15140 Pastoriza, Arteixo (A Coruña).  
Tif:981 64 75 17 Fax:981 64 75 19

---



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Social Europeo